

## **INDICACIÓN XEOGRÁFICA VIÑO DA TERRA DE BETANZOS**

- Orde do 8 de novembro de 2000 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria sobre as condicións que deben cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra Val de Betanzos (DOG 20/11/2000), modificada pola Orde do 21 de decembro de 2006 da Consellería do Medio Rural (DOG 3/1/2007) e modificada pola Orde do 28 de abril de 2008 da Consellería do Medio Rural (DOG 9/5/2008)

### **ORIXE**

A área de produción para poder acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos está constituída polos terreos aptos para a produción de uva de diversas parroquias pertencentes a oito concellos da provincia de A Coruña onde tradicionalmente se elaboran viños característicos de calidade.

### **CARACTERÍSTICAS**

Os viños brancos e tintos pertencentes á denominación Viño da Terra de Betanzos deberán presenta-las calidades organolépticas e enolóxicas propias da comarca, especialmente en canto á cor, limpeza e aromas.

### **VARIETADES DE UVA E TIPOS DE VIÑO**

#### Variedades

- Brancas recomendadas: godello
- Brancas autorizadas: palomino
- Tintas recomendadas: mencia, brancellao e merenzao
- Tintas autorizadas: gran negro e garnacha tintoreira

#### Tipos de viño

Os viños deberán elaborarse cun mínimo do 60% das variedades recomendadas.